

INFORME: DESASTRE ECOLÓXICA NO MACIZO CENTRAL OURENSÁN

LOCALIZACIÓN

O Macizo Central Ourensán abrangue **46.983 hectáreas** sendo considerado **Lugar de Interese Comunitario da Rede Natura 2000**.

Pertence basicamente a 6 concellos: **Manzaneda, Trives, Chandrexa de Queixa, Laza e Vilariño de Conso**, onde deberíamos incluír o LIC do Bidueiral de Gabín pertencente ao concello de Montederramo.

Esta gran formación orográfica está configurada por unha serie de serras **dispostas a xeito de rolda**, onde destaca a **Serra de Queixa** dende Cabeza Grande de Manzaneda ata o Alto do Seixo preto dos 1.800 mts de altura, e outras serras menores como son os **Montes do Invernadoiro (Parque Natural)**, a **Serra do Fial das Corzas de Camba en Laza**, os **Altos do Samión en Chandrexa de Queixa** e máis montes de menor dimensión que van esparramando ata as ribeiras dos ríos: **Arnoia** polo sur, o **Bibeí** polo leste ou o **Navea** polo oeste.

IMPACTO AMBIENTAL Y ECOLÓXICO DOS LUMES

Os lumes acontecidos no que vai de verán afectaron sobre todo as altas serras do Macizo, cunha virulencia e extensión nunca antes coñecida. Así se temos en conta o grande incendio de **Camba en Laza** con preto de **1.700 hectáreas** queimadas, o de **Requeixo en Chandrexa** con preto de **700 has** e **outros menores** pero tamén considerables que levan afectando durante todo o verán a outras parroquias dos concellos de Manzaneda, Trives, Vilariño de Conso e sobre todo de Chandrexa de Queixa. Estamos a falar de que só entre os dous grandes lumes que case se chegan a xuntar se viron afectadas 2.500 hectáreas, pero considerando todos os outros é moi posible que esteamos a falar dun **total de máis de 3.000 has**. Preto do **10% do Macizo Central** pertencente á Rede Natura foi **pasto das lapas** este verán.

A **análise interesada** que se ven a facer dende Medio Rural afirma que a superficie queimada **a penas ten valor** algún porque **só arderon matogueiras de uz e carqueixa**. **Sen embargo, esta cobertura típica de mato das serras orientais** resulta vital para o mantemento da biodiversidade destas serras por canto é **hábitat de numerosos insectos, réptiles e pequenas aves que son a base alimenticia ou trófica de outras especies superiores de mamíferos e aves: aguia real, o lobo ou o corzo**, e tamén serve como lugar de refuxio e nidificación para outras numerosas especies.

Pero ademais esta cobertura é vital para asegurar o mantemento dos **ecosistemas a longo prazo**, por canto coa súa intrincada rede de **raiceiras ou torgos** evita **fenómenos erosivos ladeira** abaixo pola fortes pendentes da serra, favorece a infiltración da auga de chuvia, mantén a humidade e **minimiza a radiación solar e a chamada evapotranspiración**. **Elementos fundamentais para manter a textura e a estrutura do chan que sustenta a biodiversidade**.

DANOS DIRECTOS

A destrución de miles de hectáreas de toda esta matogueira de cuberta na Serra de Queixa de Chandrexa e na Serra do Fial das Corzas de Camba en Laza provocou a **morte inmediata e instantánea de milleiros de insectos, réptiles e aves de pequeno tamaño ás que antes nos referíamos, e de morte indirecta a medio prazo por falla de hábitat e de comida para outras especies superiores**, tamén hai que valorar os danos previsibles para o vindeiro outono cando comecen as chuvias, son previsibles **fortes escorrentías, graves procesos erosivos, desaparición do solo por arrastres nas áreas de maior gradiente de pendente, e contaminación de acuíferos e do propio río Navea** que ten eiquí os seus nacentes no chamado río da Hedreira. E como resultado de todo elo un forte **empobrecemento do chan**.

Non só matogueira de uz e carqueixa senón que todas as **corgas** que se viron afectadas dispoñen de cobertura vexetal arbórea de indiscutido valor, áreas que **serven de refuxio e de alimentación** a numerosas especies superiores e de enorme importancia como **as corzas, xabarín, lobo, gato montes, teixugos, donicelas, martas, algarias, etc., etc.** É lamentable pois que nestas zonas de montaña, *en xeral desarborizadas*, se **perderan estes bosques de bidueiros, acivros, rebolos, abelairas, capudres, cerdeiras bravas, escalambróns, e altas matoqueiras como a uz branca**, que tardarán moitos anos en recuperarse. Estas especies de flora de significativa importancia dentro do Macizo se consideran hábitats de interese comunitario da **Rede Natura pola Unión Europea** como poden ser as **uceiras húmidas atlánticas ou as oromediterráneas, as turbeiras de cobertor**.

ACTUACIÓNS

Tendo en conta pois a afección ao **Lugar de Interese Comunitario do Macizo Central** é preciso esixir á Xunta de Galicia:

1.-A **identificación e ubicación exacta de todas as áreas queimadas** dentro do LIC da Rede Natura no que vai de ano indicando a **superficie afectada en cada incendio e as parroquias e concellos afectados**.

2.- Que se **analice e se valoren os danos ecolóxicos e ambientais** que sufriu o LIC, especialmente en canto a afección sobre os **hábitats de interese comunitario** e prioritarios afectados polo lume así como sobre os **hábitats das especies e poboacións de fauna** incluídas no catálogo galego de especies protexidas.

3.- Unha proposta inmediata de **medidas e accións efectivas** para loitar contra os **procesos erosivos inminentes e de recuperación e rexeneración dos hábitats afectados** unha vez sexa avaliado o impacto ambiental do lume neste territorio da Rede Natura 2000, que ao noso criterio técnico circunda os **12 millóns de Euros**.

UN PLAN INTEGRADO PARA O MACIZO

A Consellería de Medio Rural conta, na súa actual configuración, coa **Dirección Xeral de Conservación da Natureza**, totalmente válida para elaborar e **acometer un Plan Integrado para a posta en valor do Macizo Central**, xa que as competencias en **agricultura, gandería, política forestal e conservación da natureza** están hoxe en mans da dita Consellería, e tamén os **fondos FEADER** da UE.

Despois do desastre, cabe esixir un **Plan de dinamización** para este territorio, impulsado por Medio Rural, que axude a recuperar a actividade humana na zona, estudando as **potencialidades** deste territorio, a **viabilidade das explotacións** existentes e de outras novas que poderían implantarse, **conxugando as políticas de conservación da natureza coas productivas**, amosando o seu interese para a posta en marcha de **política activas de desenvolvemento sostible** nun lugar de interese comunitario tan senlleiro e tan depauperado e esquecido como este, que por desgracia é pasto das lapas todos os anos, sobre todo este.

OS MEDIOS E CUSTES DA EXTINCIÓN

Se nos paramos a cavilar nos medios de extinción empregados durante unha semana no lume de Camba en Laza e o de Requeixo en Chandrexa, tendo en conta o enorme custe dos medios aéreos e terrestres empregados, preto de *media ducia de helicópteros, cinco avións de carga en terra, ata tres hidroavións, decenas de motobombas, palas bulldózer, e preto de 500 persoas entre brigadistas e militares da UME* actuando durante sete días, non é nada desmesurado sentenciar que só nestes dous **incendios os gastos de extinción deberon superar o millón de euros**.

ABANDONO DO RURAL

Fronte a esta tan triste realidade, produto do **abandono dos montes e o éxodo rural, sería mellor:**

- Investir estes cuartos en **mellorar e ampliar as súas explotacións, favorecer e potenciar a gandería** extensiva dos habitantes de esta serra.
- Axudar aos gandeiros e agricultores mediante **novas liñas de axuda** tendo en conta ademais que eles son os mantedores dos habitats e dos ecosistemas polos que hoxe o Macizo Central está na Rede natura 2000
- Favorecer a **multifuncionalidade do monte, executado proxectos de forestación para evitar incendios futuros e xerará emprego** en positivo, no canto da traballar na extinción só na época de lumes.

RESPONSABLES DOS LUMES

Os lumes que asolan estas paraxes ano tras ano e por desgraza cada vez con máis virulencia e perniciosidade, teñen unha fácil explicación: a **morte do mundo rural, a chegada do ermo e da desolación, a falta de conciencia social** e de afecto por un territorio que “en aparencia” xa non aporta nada á comunidade. Exemplos:

- *A provincia de Ourense perdeu case o 50% dos cultivos herbáceos e unha terceira parte de superficie cultivada o que deu como resultado un incremento de preto do 40% en matogueiras*
- *Das 584.000 vacas existentes en Galicia a provincia de Ourense tan só mantén dun xeito testemuñal 23.934 segundo o último censo, ou sexa un 4% do total*

Estas cifras son suficientemente clarificadoras do enorme potencial da serra para o gando en réxime de patoreo libre ou semiextensivo.

POTENCIALIDADES

Pero ademais do sector primario, non debemos esquecer o **potencial ambiental** do Macizo, as súas posibilidades para o **uso público, turismo ecolóxico, venda de produtos endóxenos, etc**, etc. Boa mostra diso foi o traballo para a posta en valor do Macizo Central dende a Consellería de Medio Ambiente do PSdeG no goberno anterior da Xunta , case rematado pero nunca executado pola perda do goberno:

- O **Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do futuro Parque Natural** que tería o propio **parque natural do Invernadoiro** como zona de máxima protección.
- O **Plan OMOR (Ourense Montaña Oriental)** onde logo de moito esforzo analizamos as **potencialidades do territorio** para comezar unha serie de **accións de posta en valor** cara ao exterior.
- **Ou mesmo unha nova función para a Estación de Montaña de Manzaneda** enfocada non só á neve senón tamén á **natureza e á paisaxe**.

INICIATIVAS

Fronte a esta situación, esiximos da actual Xunta, e así llo proporemos a través dos condutos parlamentarios, a posta en marcha dun **Plan Integrado**, tendo en conta as potencialidades e a vocación de cada espacio, contando **cos propietarios e os axentes locais, potenciando a gandería e o sector forestal, deseñando un Plan de Prevención e Defensa contra Incendios para todos os concellos do Macizo**.

Tamén, a **Constitución dunha comisión** na que estean presentes os *alcaldes dos concellos, os presidentes das comunidades de montes, os gandeiros con maiores explotacións, con representantes dos tres partidos políticos na comarca, da Deputación e da Consellería*, para traballar nun Plan que sería un proxecto piloto ou demostrativo pioneiro para zonas protexidas de montaña incluídas na Rede Natura, aproveitando toda a información coa que contamos sobre a zona.